

Expte: 32/2023

Asunto: PEL CONCELLOS 2023

ANUNCIO

O día 17/04/2023 ditouse a Resolución da Alcaldía que de seguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES:

O Concello de Moeche solicitoulle unha subvención á Deputación da Coruña ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2023 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local (bases reguladoras no BOP núm. 18 do 26/01/2023 e convocatoria no BOP núm. 18 do 26/01/2023).

Por resolución definitiva da Deputación da Coruña (BOP núm. 57 do 23/03/2023) concedéuselle ao concello unha subvención para a contratación de persoal ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2023.

Por Resolución da Alcaldía do día 14/03/2023 aprobáronse as bases que rexerán o proceso de selección e contratación do persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais. O procedemento de selección faise mediante oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego, que enviarán aos candidatos e candidatas aos postos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **Resolvo:**

Primeiro: nomear o Tribunal Cualificador que constará de:

Presidente/a: un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Presidente: M.^a Raquel Novo Montes, funcionaria do Concello de Moeche

Vogais:

Cristina Sueiras Rodríguez, funcionaria do Concello de Moeche

Secretario: Antonio García Méndez, funcionario do Concello Moeche

Membro asesor: Pedro Antonio Amado Freire, persoal laboral fixo do Concello de Moeche.

O tribunal cualificador reunirase para a cualificación e valoracións dos méritos unha vez que o Servizo Público de Emprego teña remitidos a todos/as os/as candidatos/as aos postos. As valoracións serán publicados taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Moeche. A data da proba práctica da fase de oposición será publicada no taboleiro de anuncios e páxina web do concello.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

(Sinatura dixital ao marxe)

